

Los procedimientos comunitarios de control de ayudas de Estado

Ernesto García-Trevijano Garnica

Madrid: Madrid, 2002

A preservación do mercado único implica unha serie de limitacións para os estados membros, que se manifestan, entre outros ámbitos, no feito de outorgar axudas económicas. Co obxectivo de preservar-lo mercado común, a Comisión está a levar a cabo unha intensa labor tendente a evita-lo falseamento da competencia. Isto supuxo que, ante a ausencia dunha regulamentación xeral de aplicación dos artigos 92 e 93 do Tratado CE (actuais arts. 88 e 89), se fora consolidando unha práctica impulsada pola Comisión sobre o control das axudas do Estado.

O Regulamento 659/1999 puxo fin á ausencia de regulamentación xeral neste ámbito. Este libro analiza o contido do dito regulamento e, ó mesmo tempo, examina o problema das denominadas *axudas ilegais*, incluído o réxime de recuperación, provisional e definitiva, de axudas.

Malia a inexistencia dunha regulamentación xeral, que fora reiteradamente criticada pola doutrina, esta situación mantívose ata tempo moi recente. O Regulamento 659/1999 constitúe o eixe procedemental sobre o cal vai gravita-la aplicación dos artigos 87 e seguintes do Tratado CE, ó regula-los procedementos administrativos en relación co control das axudas públicas. Sen embargo, a regulación destes procedementos non exclúe a aplicación preferente das normas de procedemento sectoriais¹.

¹ O propio Regulamento 659/1999 deixa a salvo *as normas de procedemento especiais establecidas nalgúns regulamentos para determinados sectores*.

O citado Regulamento 659/1999 constitúe unha norma estrictamente procedementa, non regula un procedemento administrativo único, senón varios, aplicable cada un en función do tipo de axuda da que se trate, e aténdese para iso ás definicións que se conteñen no seu artigo 1. Regúlanse concretamente os procedementos aplicables ás *axudas notificadas*, ás *axudas ilegais*, ás *abusivas* e ás *axudas existentes*.

O procedemento previsto para as axudas notificadas pode cualificarse como procedemento base, xa que ademais de aplicarse a este tipo de axudas, tamén opera en relación cos outros procedementos contidos no propio Regulamento 659/1999, en virtude de numerosas remisións.

O procedemento aplicable a estas *axudas notificadas* (novas axudas) é un procedemento complexo que se descompón en dúas fases sucesivas: unha fase preliminar denominada de *exame previo* e outra posterior de *investigación formal*.

Trátase de dúas fases sucesivas que se insiren nun procedemento administrativo único, sen embargo isto non obsta para que sexa posible que a terminación da fase preliminar ou de exame previo poida comporta-la conclusión definitiva do procedemento considerado na súa globalidade, sen pasar á fase de investigación formal. Isto ocorre cando do exame previo se conclúa que a medida notificada polo Estado non constitúe unha axuda ou non presenta dúbidas en canto á súa compatibilidade co mercado común.

O autor examina neste libro ámbalas dúas fases separadamente; referírese previamente ós termos nos que se produce a iniciación do procedemento, aspecto este especialmente relevante se se atende a que o prazo para tramita-la fase de *exame previo* (dous meses) se computa desde a recepción pola Comisión da *notificación completa*.

Polo que se refire ós procedementos aplicables ás *axudas ilegais*, di o autor que neste tipo de axudas se engloban dous supostos:

1º. *Novas axudas* non notificadas á Comisión nos termos esixidos no artigo 2 do Regulamento 659/1999.

2º. *Novas axudas* que, aínda que lle foran notificadas á Comisión, son postas en práctica antes de adoptarse a oportuna decisión de autorización pola Comisión. A cualificación como *axuda ilegal* neste caso vén xustificada por constituír unha infracción da denominada cláusula *standstill* recollida explicitamente no propio artigo 88.3 do Tratado CE e no artigo 3 do Regulamento 659/1999.

A infracción da cláusula de suspensión –antes de producirse a decisión final favorable á posta en práctica da medida proxectada polo Estado– implicará a conversión da *nova axuda* en *axuda ilegal*, coa conseguinte conversión tamén do procedemento aplicable, calquera que sexa o estado de tramitación no que se atope.

O artigo 1.g) do Regulamento 659/1999 define a axuda aplicada de xeito abusivo como aquela *utilizada polos beneficiarios contravindo unha decisión adop-*

tada en virtude da alínea 3 do artigo 4 ou das alíneas 3 ou 4 do artigo 7 do presente regulamento.

Trátase, polo tanto, dunha axuda autorizada (na fase tralo *exame previo* ou na de *investigación formal*) por ser compatible co mercado común, ou ben dunha axuda autorizada de xeito condicional en virtude do disposto no artigo 7.4 do propio regulamento (decisión positiva acompañada de condicións).

A cualificación como abusiva da axuda está, non na súa orixe, senón na aplicación que desta fai o beneficiario. Por exemplo, este distorsiona a súa finalidade aplicándoa a outros fins diversos, mutación que podería levar a unha decisión negativa se se coñecera no seu momento a finalidade real á que o beneficiario ía destina-la axuda.

Para rematar, o autor, refírese ó procedemento aplicable ós réximes de axudas existentes. Trátase dun procedemento que se lles aplica *ós réximes de axudas existentes*, e non simplemente ás axudas individuais. O artigo 1.d) do regulamento define os *réximes de axuda* como o dispositivo con arranxo ó cal se lles poden conceder axudas individuais ás empresas definidas nel de forma xenérica e abstracta, sen necesidade de medidas de aplicación, así como todo dispositivo con arranxo ó cal se poida conceder axuda, non vinculada a un proxecto específico, a unha ou varias empresas por un período indefinido ou por un importe ilimitado. Pola súa banda, defínese a *axuda individual* como a axuda que non se concede en virtude dun réxime de axudas e a axuda concedida de acordo cun réxime de axudas pero que debe notificarse.

Axuda existente, segundo o artigo 1.b) do Regulamento 659/1999 (arts. 17 a 19), é a que existía antes da entrada en vigor do Tratado CE no estado membro respectivo, a axuda autorizada, a que deba considerarse autorizada en virtude do silencio administrativo, a que deba considerarse como tal en virtude do transcurso do prazo de prescrición previsto no artigo 15 e, finalmente, aquela respecto á que poida acreditarse que no momento no que se levou a efecto non constituía unha axuda, e que posteriormente pasou a ser unha axuda debido á evolución do mercado común e sen que fora modificada polo estado membro.

Estamos, sen dúbida, ante unha obra de especial actualidade e interese para as distintas persoas, instancias ou organizacións afectadas polas axudas, desde a Comisión ata os estados membros, incluídos os beneficiarios ou prexudicados por elas.

Isabel Castiñeiras Bouzas
Avogada



NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espazo nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasificarlo artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitiranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

Revista Galega de Administración Pública

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.